

RESOLUCIÓN

N/re. : concesión de axudas para gastos de xestión, animación da estratexia e do territorio, formación para incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio e cooperación, en base aos convenios de colaboración asinados entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e os grupos de desenvolvemento rural para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local participativo na intervención LEADER de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PEPAC 2023-2027.

Anualidades: 2024, 2025, 2026 e 2027

ANTECEDENTES DE FEITO

O 20.04.2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia) acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19.09. 2022 a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027 e concedeulles

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

as subvencións correspondentes (CVE M45Zd3bzYUO0, verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>). Esas organizacións seleccionadas foron os 24 GDR que xa foran seleccionados como entidades colaboradoras da Axencia na medida Leader de Galicia correspondente ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia do período 2014-2020.

O 27.04.2023 a directora xeral da Axencia ditou a Resolución pola que estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que se seleccionasen (DOG n.º 89, do 10 de maio de 2023).

De conformidade con esta resolución e coas bases reguladoras aprobadas o 20.04.2022 polo Consello de Dirección da Axencia, o 07.12.2023 a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección, ditou a Resolución de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local (CVE bn900G74t5M7 , verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>).

O 08.04.2024 o subdirector de Relacións cos GDR emitíu un informe (CVE Qg7jpzzHhmd6 , verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>) no que indica que procede rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da LPACAP, os erros materiais da citada Resolución do 07.12.2023. Os ditos erros materiais consisten na errónea transcripción, por unha banda, dos concellos declarados como zonas de montaña e outras zonas desfavorecidas e a súa correspondente superficie e, por outra banda, do número de concellos no criterio de representatividade no proceso participativo en relación á calidade das estratexias de desenvolvemento local. Eses erros materiais prodúcense pola transcripción incorrecta dos datos que obran no expediente, dando lugar a puntuacións erróneas. A apreciación deses erros resulta patente e clara, sen necesidade de acudir a ningunha interpretación xurídica. Ademais, a rectificación deses erros materiais non afecta a subsistencia do acto administrativo.

En liña co sinalado no parágrafo anterior, a directora xeral da Axencia emite unha Resolución do 20.05.2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023, ditada por delegación do Consello de Dirección, pola que se seleccionan as estratexias de desenvolvemento local e mais as entidades que se recoñecen como colaboradoras na xestión da intervención leader para o período 2023-2027.

A contía programada para a súa distribución entre as estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas é de 56.989.000,00 euros

A asignación inicial de fondos, así como a porcentaxe de reparto, que lle corresponde a cada estratexia de desenvolvemento local é directamente proporcional á suma das puntuacións obtidas nos criterios de selección das estratexias, establecidos no artigo 21 das bases reguladoras do 20 de abril de 2022, e mais nos criterios referidos aos territorios, establecidos no artigo 46 da Resolución do 27.04.2023.

En concreto, a distribución de fondos entre as entidades colaboradoras seleccionadas quedou establecida a través da Resolución do 20.05.2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 conforme se indica a continuación:

GRUPO	PUNTOS ESTRATEGIAS	PUNTOS TERRITORIO	TOTAL PUNTOS	PORCENTAXE 2023-2027	ORZAMENTO
GDR-01 Terras de Miranda	62,56	47,66	110,22	3,616473954	2.060.992,34 €
GDR-02 Terra Chá	68,16	75,56	143,72	4,715656294	2.687.405,37 €
GDR-03 Montes e Vales O.	70,17	84,3	154,47	5,068378985	2.888.418,50 €
GDR-04 Comarca de Lugo	50,34	70,7	121,04	3,971493444	2.263.314,40 €
GDR-05 Miño Ulla	72,49	73,82	146,31	4,800637854	2.735.835,51 €
GDR-06 Ribeira Sacra Courel	50,07	90,02	140,09	4,596550864	2.619.528,37 €
GDR-07 Valdeorras	58,37	77,86	136,23	4,46989881	2.547.350,63 €
GDR-08 Sil Bibei Navea	65,44	91,06	156,5	5,134986154	2.926.377,26 €
GDR-09 Monteval	73,33	86,8	160,13	5,254091583	2.994.254,25 €
GDR-10 A Limia Arnoia	65,5	77,84	143,34	4,703187957	2.680.299,78 €

GDR-11 Adercou	56,17	60,58	116,75	3,830732482	2.183.096,13 €
GDR-12 Carballiño Ribeiro	52,3	82,96	135,26	4,438071739	2.529.212,70 €
GDR-13 Condado Paradanta	63,84	69,8	133,64	4,38491725	2.498.920,49 €
GDR-14 Eu Rural	58,77	43,02	101,79	3,339873742	1.903.360,65 €
GDR-15 Pontevedra Morrazo	62,62	44,56	107,18	3,516727258	2.004.147,70 €
GDR-16 Pontevedra Norte	59,12	81,1	140,22	4,600816348	2.621.959,23 €
GDR-17 Salnes Ulla Umia	55,01	49,08	104,09	3,415339992	1.946.368,11 €
GDR-18 Deloa	59,14	46,42	105,56	3,463572769	1.973.855,49 €
GDR-19 Terras de Compostela	51,43	52,48	103,91	3,409433938	1.943.002,31 €
GDR-20 Ulla Tambre Mandeo	64,19	69,78	133,97	4,395745016	2.505.091,13 €
GDR-21 Comarca de Ordes	63,61	67,44	131,05	4,29993569	2.450.490,35 €
GDR-22 Costa da Morte	59,87	47,2	107,07	3,513118003	2.002.090,82 €
GDR-23 Mariñas Betanzos	67,14	37,4	104,54	3,430105128	1.954.782,61 €
GDR-24 Seitura 22	64,78	45,86	110,64	3,630254748	2.068.845,88 €
				3047,72	100
					56.989.000,00 €

De conformidade co previsto no artigo 20.8 b) das bases reguladoras aprobadas no citado acordo do Consello de Dirección da Axencia e no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvención de Galicia, os GDR, na súa condición de entidades colaboradoras, e a Axencia, asinaron o 7 de agosto de 2024, os convenios de colaboración nos que se determinaron as condicións e obrigas que asumen as partes para a xestión da estratexia de desenvolvemento local participativo seleccionada.

Neste novo período de programación 2023-2027, recoñécese como axuda a favor de cada GDR (con cargo ás anualidades 2024-2027) tal como se indica nos convenios de colaboración asinados, a parte correspondente aos gastos de funcionamento e de animación (ata un máximo do 25% do total programado), un mínimo do 5% do importe total programado para gastos de cooperación LEADER, así como tamén un máximo do 1% que se destinará a formación para incrementar a empregabilidade da

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

poboación activa do territorio do GDR. Correspóndelle polo tanto a cada GDR o 31% do orzamento total programado que acadou na fase de selección, atendendo á puntuación resultante (estratexia e territorio).

As porcentaxes máximas e mínimas establecidas no parágrafo anterior deberán ser cumpridas, en cómputo global, por cada un dos GDR a 30 de decembro de 2027, non sendo necesario o seu cumprimento en cada unha das anualidades nas que se distribúen as axudas. Para este fin, durante cada unha das anualidades nas que se distribúen estas axudas, cada GDR solicitará a Agader, en función das súas necesidades e dos proxectos que vaian surxindo, o importe exacto que requira para cada unha das tipoloxías de proxectos indicadas (gastos de funcionamento, animación, formación e cooperación).

Estes gastos impútanse con cargo ao RC (nº de referencia 2024-14-00879) contabilizado coa finalidade de cubrir as axudas a favor dos 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) que foron seleccionados para a aplicación dunha estratexia no marco da PEPAC, e polos seguintes importes:

- 1.500.000,00 EUROS para cubrir o cadro orzamentario correspondente á anualidade de 2024.
- 5.388.863,32 EUROS para cubrir a anualidade de 2025.
- 5.388.863,32 EUROS para cubrir a anualidade de 2026.
- 5.388.863,36 EUROS para cubrir a anualidade de e 2027.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 20.04.2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de

estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

2.- Resolución do 27.04.2023 da directora xeral da Axencia pola que estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que se seleccionasen (DOG n.º 89, do 10 de maio de 2023).

3.- Convenios de colaboración entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e os GDR, asinados o 07 de agosto de 2024, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local participativo na intervención LEADER de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PEPAC 2023-2027.

4.- Resolución do 24 de xullo de 2013 pola que se fai pública a delegación de competencias na Presidencia e na Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento rural (DOG n.º 148, do 5 de agosto).

En base a todo o exposto anteriormente e unha vez asinados os correspondentes convenios, o 7 de agosto de 2024, entre a Agader e cada un dos GDR, **RESOLVO a seguinte distribución de fondos entre os GDR e por anualidades, así como a conseguinte concesión das correspondentes subvencións, con cargo ás anualidades 2024-2027:**

DATOS XERAIS			DESGLOSE IMPORTE ANUALIDADES			
Entidade seccionada	NIF	Total axuda	2024	2025	2026	2027
GDR-01 Terras de Miranda	G27271402	638.907,63	54.247,11	194.886,84	194.886,84	194.886,84
GDR-02 Terra Chá	G27383496	833.095,66	70.734,84	254.120,27	254.120,27	254.120,28
GDR-03 Montes e Vales	G27389139	895.409,74	76.025,68	273.128,02	273.128,02	273.128,02
GDR-04 Comarca de Lugo	G27481662	701.627,46	59.572,41	214.018,35	214.018,35	214.018,35
GDR-05 Miño Ulla	G27384999	848.109,01	72.009,58	258.699,81	258.699,81	258.699,81
GDR-06 Ribeira Sacra Courel	G27480359	812.053,79	68.948,27	247.701,84	247.701,84	247.701,84
GDR-07 Valdeorras	G32390361	789.678,70	67.048,48	240.876,74	240.876,74	240.876,74
GDR-08 Sil Bibei Navea	G32387359	907.176,95	77.024,78	276.717,39	276.717,39	276.717,39
GDR-09 Monteval	G32387227	928.218,82	78.811,39	283.135,81	283.135,81	283.135,81
GDR-10 A Limia Arnoia	G32390270	830.892,93	70.547,82	253.448,37	253.448,37	253.448,37
GDR-11 Adercou	G32387144	676.759,80	57.460,98	206.432,94	206.432,94	206.432,94
GDR-12 Carballiño Ribeiro	G32390403	784.055,94	66.571,08	239.161,62	239.161,62	239.161,62
GDR-13 Condado Paradanta	G36591089	774.665,35	65.773,75	236.297,20	236.297,20	236.297,20
GDR-14 Eu Rural	G36889780	590.041,80	50.098,11	179.981,23	179.981,23	179.981,23
GDR-15 Pontevedra Morrazo	G36591873	621.285,79	52.750,90	189.511,63	189.511,63	189.511,63
GDR-16 Pontevedra Norte	G36591717	812.807,36	69.012,25	247.931,70	247.931,70	247.931,71
GDR-17 Salnes Ulla Umia	G36591725	603.374,11	51.230,11	184.048,00	184.048,00	184.048,00
GDR-18 Deloa	G15817935	611.895,20	51.953,60	186.647,20	186.647,20	186.647,20
GDR-19 Terras de Compostela	G70181557	602.330,72	51.141,50	183.729,74	183.729,74	183.729,74
GDR-20 Ulla Tambre Mandeo	G70202825	776.578,25	65.936,18	236.880,69	236.880,69	236.880,69
GDR-21 Comarca de Ordes	G15796766	759.652,01	64.499,03	231.717,66	231.717,66	231.717,66
GDR-22 Costa da Morte	G70180583	620.648,15	52.696,77	189.317,12	189.317,12	189.317,14
GDR-23 Mariñas Betanzos	G70180807	605.982,61	51.451,57	184.843,68	184.843,68	184.843,68
GDR-24 Seitura 22	G70492186	641.342,22	54.453,81	195.629,47	195.629,47	195.629,47
		17.666.590,00	1.500.000,00	5.388.863,32	5.388.863,32	5.388.863,36

O financiamento da axuda recollida na presente resolución, co financiada con fondos Feader nunha porcentaxe do 80 %, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia 14.A1.712A.781.0 (CP 2024 00008).

Condicións xerais destas axudas:

1. Estas axudas son incompatibles con calquera outra que, para os mesmos gastos, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de

AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal



- procedencia e da súa tipoloxía. En particular, será incompatible con calquera axuda cofinanciada con Feader.
2. A intensidade destas axudas, tanto a correspondente a gastos correntes como a animación, poderán acadar unha intensidade de ata o 100% dos gastos subvencionables.
 3. Os GDR beneficiarios poderán obter financiamento suplementario ou recursos materiais dos seus asociados ou doutras entidades para eses fins. Non obstante o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.
 4. Os GDR beneficiarios deberán executar e xustificar os gastos correntes ou de funcionamento, os gastos de animación e/ou promoción do territorio do GDR, os gastos de formación e os gastos de cooperación seguindo as regras xerais establecidas nos convenios de colaboración asinados con Agader o 7 de agosto de 2024.
 5. Os pagamentos efectuaranse na conta bancaria designada a tal efecto polas entidades beneficiarias.
 6. Segundo dispón a cláusula 19ª dos Convenios de colaboración, os GDR poderán percibir pagamentos a conta e pagamentos anticipados por importe conxunto de ata o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, sen que se exceda a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, respecto dos gastos na xestión, seguimento e avaliación da estratexia e dos gastos en animación e promoción territorial, así como con respecto aos gastos de formación e de cooperación Leader. Así mesmo, exímese ao GDR da constitución de garantías nos pagamentos a conta e nos pagamentos anticipados que poida percibir en relación cos citados gastos.
 7. Cando o GDR non precise os equipamentos adquiridos con cargo á estratexia, destinaranse a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento rural.



8. Os gastos de xestión, seguimento e avaliación da estrateixa (gastos correntes ou de funcionamento) poderán ser xustificados mensualmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo. A Axencia pagará ao GDR os gastos en persoal correctamente xustificados de cada unha das solicitudes de pagamento presentadas, e ata o 40% do resto dos custes subvencionables, derivado da opción escollida de financiamento a tipo fixo establecida no artigo 56.1 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021, segundo se indica no punto 4 esta cláusula.

Unicamente serán elixibles os gastos causados na anualidade na que o GDR solicite o seu pagamento, agás os gastos nos que incorra o GDR nos tres meses finais de cada anualidade, que poderán ser imputados polo GDR con cargo ao orzamento dispoñible da anualidade inmediatamente posterior. Esta excepción non será aplicable na anualidade final do programa.

A data límite de presentación ante a Axencia da conta xustificativa correspondente aos gastos que se imputen con cargo a cada anualidade será a do 5 de novembro de cada ano.

O GDR poderá imputar gastos de xestión, seguimento e avaliación da estrateixa en que incorrese dende o 1 de xaneiro de 2024 e ata o 5 de novembro de 2027.

9. Os gastos de animación e de formación poderán ser xustificados a medida que se vaian verificando pola Agader os informes controis de elixibilidade (ICES) correspondentes a cada un destes proxectos que o GDR vaia presentando ante a Agader, e ata o límite do importe máximo solicitado anualmente a Agader, segundo o previsto na cláusula 14ª do convenio de colaboración, asinado entre a Agader e o GDR. Tanto o orzamento sobre o que os GDR poderán executar e xustificar os gastos, como as concretas condicións ou requisitos de cada proxecto serán os que se determinen nos correspondentes ICES verificados pola Agader. A data límite de execución e xustificación dos gastos será o 5 de novembro de cada ano.
10. Os gastos de cooperación poderán ser xustificados a medida que se vaian verificando pola Agader os informes controis de elixibilidade (ICES)

correspondentes a cada un destes proxectos que o GDR coordinador vaia presentando ante a Agader, e ata o límite do importe máximo dispoñible en cada anualidade para cada un dos GDR participantes no proxecto (sexa a título de coordinador coma de mero socio participante), segundo o previsto no apartado 4.5 do anexo I do convenio de colaboración, asinado entre a Agader e o GDR que sinala que para a realización das actuacións de cooperación, cada GDR asume os seus propios gastos, e os gastos comúns distribúense entre os socios participantes tal e como determine para cada actuación concreta no documento vinculante que se asine entre o GDR coordinador e o resto de socios. Tanto o orzamento sobre o que os GDR poderán executar e xustificar os gastos, como as concretas condicións ou requisitos de cada proxecto serán os que se determinen nos correspondentes ICES verificados pola Agader. A data límite de execución e xustificación dos gastos será o 5 de novembro de cada ano.

Santiago de Compostela,
Na data da sinatura electrónica.
O Consello de Dirección de Agader
(P.D. Acordo do 13.12.2019)
A directora xeral de Agader
M^a Paz Rodríguez Rivera